

POSIBLES IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS

18 FEBREIRO 2018

40 días CAMIÑANDO: Polo DESERTO.

Descobre que está cerca o Reino.

1. VER: Un camiño polo deserto

- A viaxe que imos realizar esta semana é ao deserto. Que problemas encontraremos? é un lugar moi difícil: calor, frío, sen vexetación, silencio, lugar solitario, axiña xorden as inseguridades e limitacións. Pero é tamén un lugar de encontro con un mesmo, de despoxarnos do que non é imprescindible na vida, do que nos afasta de Deus.

Como te sentirías nun deserto? Que sería o fundamental?

2. XULGAR: Descobre que está cerca o reino

-No 1º domingo de Coresma , Xesús, no evanxeo dinos que el, antes de empezar a súa misión *foise ao deserto durante 40 días*. Alí *“deixouse tentar por Satán”* e logo comezou a predicar: *“está preto o reino de Deus, convertédevos e crede no Evanxeo”*.

QUÉ NOS QUERE DICIR XESÚS?

-Imos realizar unha peregrinación de 40 días ata a Pascua. Imos intentar saír, camiñar e deixarnos sementar pola Palabra de Deus que nos acompañará todo o percorrido pois é o noso compás (ver debuxo).

Na celebración da cinza, o signo da cruz na fronte prepáranos ao camiño.

-**No deserto atopámonos con Deus** e tratamos de ver que cousas moven a miña vida, é dicir, que me afasta de Deus, **cales son as miñas tentacións**: TER máis que ser, PODER máis que servir e GOZAR máis que esforzarme.

-**Xesús atopa a solución**: descobre que o reino de Deus está preto, así que “convértete” (cambia) e “cre no evanxeo” (busca silencio, ora?).

Cales son as túas tentacións? Como superalas?

3. ACTUAR: Empeza a camiñar cara á Pascua.

-Atrévete a camiñar polo deserto, non vas só, acompáñate Xesús.

-Mira o teu corazón, Xesús quere transformalo, mira o que che pesa, estorba ou che impide camiñar con el con ledicia. Descubre que o reino está cerca e mira como ti podes facelo presente ao teu ao redor na túa familia, colexio e amigos.

-Enviade a mensaxe de atrás do móbil con wifi aos amigos.

-Canción: “Corenta días camiñando”

<https://www.youtube.com/watch?v=WiSWRZkem5Q>

Que vas facer estes 40 días? Que vas cambiar?

LECTURAS

- **Xénese 9, 8-15:**

 - ***O pacto de Deus con Noé salvado do diluvio.***

Deus díxolle a Noé e aos seus fillos: «Eu fago un pacto convosco e cos vosos descendentes, con todos os animais que vos acompañaron: aves, gando e feras; con todos os que saíron da arca e agora viven na terra. Fago un pacto convosco: o diluvio non volverá destruír a vida, nin haberá outro diluvio que devaste a terra.» E Deus engadiu: «Este é o sinal do pacto que fago convosco e con todo o que vive convosco, para todas as idades: poñerei o meu arco no ceo, como sinal do meu pacto coa terra. Cando traia nubes sobre a terra, aparecerá nas nubes o arco, e recordarei o meu pacto convosco e con todos os animais, e o diluvio non volverá destruír os viventes.» *Palabra do Señor.*

- **Salmo 24:**

 - ***Os teus camiños, Señor, son misericordia e lealdade para os que gardan a túa alianza.***

- **I San Pedro 3,18-22: Deus chámanos e ilumínanos.**

- **MARCOS 1, 12-15: Deixábase tentar por Satán, e os anxos servíano.**

Narrador: Naquel tempo, o Espírito empuxou a Xesús ao deserto. Quedou no deserto corenta días, deixándose tentar por Satán; vivía entre as feras, e os anxos servíano. Cando arrestaron a Xoán, Xesús marchouse a Galilea a proclamar o Evanxeo de Deus. Decía:

Xesús: -«Cumpriuse o prazo, ***está preto o reino de Deus: convertédevos e crede no Evanxeo***». *Palabra do Señor.*

(Narrador-Xesús).